



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 26 DE XUÑO DE 2025

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: xoves 26 de xuño de 2025
- ➔ Hora: 20,00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 24 DE ABRIL DE 2025.
2. APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 29 DE MAIO DE 2025.
3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR AFECTADOS POLAS OBRAS DESCRITAS NO PROXECTO TÉCNICO "REDE DE SANEAMENTO EN IRIA FLAVIA".
4. APROBACIÓN DO MODIFICADO 2 DO PROXECTO TÉCNICO "MODIFICADO: REHABILITACIÓN DO FIRME DENDE A IGREXA DE CARCACÍA A RIAL" FINANCIADO CO POS+ AD2A/2022.
5. CUENTA GENERAL. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2024 E RENDICIÓN DA MESMA AOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.
6. MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA IGUALDADE E CONTRA A LGTBFobia.
7. MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ELABORAR UN CENSO DE VIVENDAS BALEIRAS.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

8. DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 329/2025 AO 503/2025
9. MOCIÓNS DE URXENCIA.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica

do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca